

2 º ESO

EXERCICIOS RESOLTOS-12ª SEMANA DO 8 AO 12 DE XUÑO

1ª SESIÓN:

Esperamos fixerades con moita atención a tarefa da primeira sesión semanal e que os vosos exercicios estean revisados e corrixidos.

2ª SESIÓN:

Lectura Cabaliño de mar (páx. 173)

1.Explica o significado que teñen estas palabras no texto:

- *Peculiar*: que é pouco común.
- *Convidar*: propoñerlle a alguén que asista a un determinado acto ou lugar.
- *Indiferente*: que non amosa ningunha preferencia ou interese por nada en particular.
- *Mergullada*: que está concentrada profundamente en algo, sen pensar no que ocorre ao redor.
- *Entusiasmo*: adhesión viva a unha causa ou grande interese por unha empresa (neste caso todo o contrario).
- *Fascinada*: que sente unha atracción moi grande por algo.
- *Prénsil*: que serve para agarrar ou agarrarse.
- *Nupcial*: Relativo ou pertencente á época de celo dos animais salvaxes.

2. Responde brevemente as seguintes cuestións

- **Quen son os protagonistas da lectura?**

Os protagonistas son Nube e Matías

- **onde se desenvolven os feitos que se contan?**

Os feitos desenvólvense na casa de Nube, concretamente no seu cuarto.

- **Cal era a paixón de Nube? Por que o sabes?**

A paixón de Nube son os peixes e animais mariños, por iso está lendo, completamente absorta, un *Diccionario de peixes*.

- **A que conclusión chega Matías despois de ler o *Diccionario de peixes*?**

A conclusión á que chega Matías é que os cabaliños de mar son coma unha mestura de animais terrestres. Ademais decátase de que Nube séntese fascinada por eles.

- **Como reacciona Nube ante as palabras finais de Matías? Por que?**

Nube crávalle os ollos a Matías porque non está de acordo con el, pero gústalle ter espertado a atención do rapaz.

3. Explica de forma razoada cal pode ser o motivo polo cal a información sobre o cabaliño de mar aparece noutro tipo de letra.

. A información sobre o cabaliño de mar aparece noutro tipo de letra para marcar que se corresponde exactamente coa definición que aparece no dicionario que están a compartir os protagonistas. O narrador sepárase así da entrada do dicionario, non é el quen o conta.

4. Caracteriza a Nube con cinco adxectivos e a Matías con outros cinco. Podes coller algúns da lectura e engadir outros que che acaian ben.

– *Nube*: peculiar, curiosa, introvertida, solitaria, calada.

– *Matías*: positivo, sociable, curioso, falador, alegre.

3ª SESIÓN

Tedes moita creatividade, a historia continúa de formas moi diversas ... estamos esperando máis.